

**Relación de Postos de Trabajo do**

**Concello de Marín**

**(Proposta da Alcaldía do Concello de Marín remitida a Mesa Xeral de Negociación do día 22 de  
Marzo de 2017)**

**Asunto:** Relación de Postos de Trabajo do Concello de Marín para o exercicio 2017.

**Trámite:** Proposta da Alcaldía do Concello de Marín remitida á Mesa Xeral de Negociación.

**Data:** 16 de MARZO 2017

**I. Memoria xustificativa e descriptiva.**

**II. Determinacións organizativas xerais da RPT.**

**III. Normas de valoración do complemento específico.**

**IV. Organigrama**

**V. Relación de Postos de Traballo**

**VI. Fichas descriptivas dos postos de traballo.**

## **I. Memoria xustificativa e descriptiva.**

A presente proposta da Alcaldía ven motivada pola urxente necesidade do Concello de Marín de elaborar unha Relación de Postos de Traballo e un Organigrama administrativo, urxente necesidade que é consecuencia por unha banda, das esixencias legais e organizativas e por outra banda, pola necesidade de dotarse dunha serie de instrumentos de planificación de recursos humanos que permitan crear unha estrutura organizativa ordenada, xerarquizada, áxil e eficaz.

Ao abeiro do establecido nos artigos 90.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local e 126 do Real Decreto Legislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local impoñen as administracións locais a elaboración dunha relación dos postos de traballo existentes nas súas organizacións que deberán incluír, en todo caso, a denominación e características esenciais dos postos, as retribucións complementarias que lles correspondan e os requisitos esixidos para o seu desempeño.

Por outra banda, o Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, sinala no seu artigo 74 que as Administracións Públicas estruturarán a súa organización a través de relacións de postos de traballo ou outros instrumentos organizativos similares que comprenderán, ó menos, a denominación dos postos, os grupos de clasificación profesional, os corpos ou escalas, no seu caso, a que están adscritos, os sistemas de provisión e as retribucións complementarias.

Pola súa parte o artigo Artigo 38. Da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia establece que:

1. A relación de postos de traballo é un instrumento técnico de carácter público que inclúe todos os postos de traballo de natureza funcionarial e laboral existentes en cada unha das administracións públicas incluídas no ámbito de aplicación desta lei.

2. A través da respectiva relación de postos de traballo, as administracións públicas incluídas no ámbito de aplicación desta lei estruturan a súa organización, clasifican os postos de traballo existentes no

seu ámbito e determinan o seu contido para a súa selección e provisión, procurando organizar, racionalizar e ordenar o persoal co obxecto de facilitar unha eficaz prestación dos servizos públicos.

3. Os orzamentos reflectirán os créditos correspondentes ás relacións de postos de traballo, sen que poida existir ningún posto que non estea dotado orzamentariamente.

4. As relacións de postos de traballo incluirán, como mínimo, por cada posto: o código alfanumérico, a denominación e a natureza xurídica; a clasificación profesional; o sistema de provisión; a adscrición orgánica; o complemento retributivo do posto; os requisitos, os méritos, as capacidades e, de ser o caso, a experiencia ou categoría profesional para a súa provisión; e calquera outra circunstancia relevante para a súa provisión nos termos previstos regulamentariamente.

5. As relacións de postos de traballo sinalarán expresamente os postos abertos á provisión por persoal funcionario ou laboral procedente doutras administracións públicas, os cales non superarán o sete por cento do número total de postos de traballo que poidan ser cubertos por persoal funcionario ou laboral, respectivamente, salvo que por convenio entre as administracións públicas interesadas se estableza unha porcentaxe superior atendendo a criterios de reciprocidade.

6. As relacións de postos de traballo da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e das entidades públicas instrumentais do sector público autonómico poderán prever a clasificación de postos co rango de subdirección xeral ou xefatura de servizo que garden relación directa coas competencias en materia de sanidade, educación e xustiza para a súa provisión por persoal sanitario, docente ou da Administración de xustiza, respectivamente, atendendo á especificidade das funcións que se deban desempeñar.

De acordó co anteriormente previsto, a confección e aplicación da RPT do Concello de Marín adaptarase á lexislación básica do Estado, constituída polas leis específicas de réxime local así como, polo texto refundido do Estatuto Básico do Empregado Público, aplicandoselle, con carácter supletorio, a lexislación da Comunidade Autónoma de Galicia.

Polo que respecta as esixencias organizativas, debemos indicar que os cambios producidos na organización municipal do Concello de Marín, moi similares por outra banda os cambios producidos na maior parte dos concellos de Galicia, xeneran unha serie de disfuncións e de falla de eficacia a hora de actuar que motivan a necesidade de dotarse dunha serie de instrumentos de planificación de recursos humanos que permitan crear unha estrutura organizativa ordenada, xerarquizada, áxil e eficaz, de

conformidade co previsto no artigo 103.1 da nosa Constitución. Ese cambio na organización municipal ven motivado fundamentalmente polo continuo crecemento dos servizos asignados ás corporacións locais, co fin de prestar un mellor servizo ós cidadáns, o que non se traduciu nun incremento de persoal, senón nun incremento das tarefas do persoal de que dispón o Concello. Por iso faise necesario proceder a elaboración do instrumento principal de que se dotan as administracións públicas para ordenar os seus recursos humanos como son as Relacións de Postos de Traballo.

A proposta sometida a consideración establece unha nova forma de xestionar as competencias asignadas ao organismo municipal na que se diseña a reorganización administrativa adaptada á realidade municipal, lonxe da programación que pola vía do feito se realizaba na Corporación, que carece dun instrumento de organización do persoal que poda atribuir función ao persoal adaptadas ao entorno e actualidade que esixen os servizos públicos a asumir pola Administración, e, en consecuencia, establece a necesidade de adecuar as retribucións de xeito singular, excepcional e imprescindible ante o incremento de tarefas, tal como se contemplará na documentación que acompaña a memoria a través das fichas do persoal, que nunca foron tidas en conta para a fixación das retribucións complementarias do persoal.

O impulso das novas tecnoloxías da información e a Administración electrónica así como a informatización de procesos e a programación dos expedientes obrigan a reconfigurar as funcións e o estilo de traballo de gran parte do empregado público que asimrá inicialmente unha carga de traballo superior a existente, debendo adaptarse para o tránsito a Administración electrónica pero convivindo coa estrutura de funcionamento en soporte papel, tan importante para os usuarios e veciños do Concello.

Coa proposta se recollen as variacións no contido dos postos de traballo que non foron contemplados con anterioridade en ningunha relación de postos de traballo nin foron tidas en conta para a fixación das retribucións complementarias, así como tamén se recolle a variación do número de efectivos asignados a cada departamento, tendo sido modificados sustancialmente os servizos e estrutura organizativa que afecta aos mesmos (urbanismo, parques, xardíns, limpeza, obras...) consonte a documentación que acompaña a proposta.

A metodoloxía empregada para a elaboración da Relación de Postos de Traballo foi unha *metodoloxía de intervención* onde puideron participar tódolos ocupantes actuáis dos postos de traballo do Concello de Marín e estruturouse nas seguintes fases:

1.- Recollida de información sobre a situación actual do Concello de Marín. A empresa de consultaría Estratexia e Organización realizou un traballo de campo distribuíndo en primeiro lugar, cuestionarios de recollida de información a todo o persoal e realizando posteriormente, un número elevado entrevistas persoais cos ocupantes dos postos.

2.- Definición das determinacións xerais da RPT.

3.- Elaboración do organigrama.

4.- Descrición dos postos de traballo: fichas individualizadas.

5.- Valoración dos postos de traballo.

6.- Elaboración e a remisión da proposta de RPT.

En consecuencia, a RPT preséntase como un instrumento técnico a través do cal realízase a ordenación do persoal, na procura de garantir un funcionamento óptimo da organización e de tódolos seus servizos, de acordo cos principios de racionalidade, coordinación, eficacia, calidade e economía do gasto que rexen nas administracións públicas, mediante a consecución dos seguintes obxectivos:

- Racionalización organizativa: análise do modelo actual organizativo da entidade local, co obxecto de acadar unha xestión máis áxil e racional.
- Pospostas de mellora na procura de acadar unha maior optimización dos seus recursos: tendo en conta que toda racionalización organizativa supón adoptar medidas que axuden a facer un uso máis eficiente e eficaz dos recursos.

**En conclusión,** a presente memoria de proposta de Relación de Postos de Trabajo do Concello de Marín integrarase polos seguintes documentos:

1. Determinacións organizativas xerais da RPT.
2. Normas de valoración do complemento específico.
3. Organigrama da Administración municipal, constituído polo conxunto das unidades que integran a organización administrativa municipal, definindo así a estrutura xeral de dita organización.
4. Fichas individualizadas de descrición funcional de cada posto de traballo.
5. Proposta de Relación de postos de traballo.

## **II. Determinacións organizativas xerais da RPT**

Con carácter previo a expoñer a organización administrativa que se propón debemos facer unha serie de reflexións acerca da estrutura organizativa actual no Concello de Marín, tendo en conta que esa nova estrutura que se vai propoñer non é unha estrutura que parta de cero senón que ten en conta moito da realidade actual. Como reflexión xeral diremos que a situación organizativa do persoal no Concello de Marín, con ter deficiencias, non presenta excesivos problemas para proceder a súa reorganización.

Así cumpre sinalar que de acordo coa normativa vixente na actualidade a entidade conta con persoal laboral temporal que respostan a necesidades realmente temporais, sendo na meirande parte financiada a súa contratación con cargo a subvencións finalistas recibidas polo Concello.

Debe advertirse que na realidade actual da Administración municipal non existe, en xeral, unha estrutura formal e obxectiva de postos de traballos (agás excepcións), carencia que xera algunhas disfuncións na actividade do Concello. A estrutura real actual intégrase maiormente por empregados públicos dos que formalmente só consta a súa praza ou categoría profesional sen que se defina un posto de traballo concreto (de feito, esas prazas ou categorías responden a conceptos puramente orzamentarios, e non de xestión de recursos humanos). Existe, polo tanto, a plantilla orzamentaria que non se debe confundir coa Relación de Postos de Traballo.



A estrutura actual do persoal do Concello de Marín que resulta dos anexos de persoal (plantilla orzamentaria) para o ano 2017 é a seguinte:

**A) PERSOAL FUNCIONARIO:**

POSTO	GRUPO	C.D	DOT.
SECRETARIO/A	HN	30	1
INTERVENTOR/A	HN	30	1
TESOUREIRO/A	HN	30	1
TEC.ADM XERAL-ADXUNTO SECRETARIA	A1	28	1
TEC.ADM XERAL-ADXUNTO INTERVENCIÓN	A1	28	1
XEFE SERVIZO DE URBANISMO	A1	28	1
TEC.ADM XERAL PERSOAL E EMPREGO	A1	24	1
TEC.ADM XERAL URBANISMO	A1	28	1
BIBLIOTECARIO/A	A1	28	1
ARQUITECTO/A	A1	28	1
TEC.ADM XERAL SECRETARÍA	A1	24	1
INSPECTOR/A. PRINC	A2	26	1
INSPECTOR/A.	A2	22	1
TRABALLADOR/A SOCIAL XEFE SERVIZO	A2	24	1
ARQUITECTO TÉCNICO	A2	26	2
ENXEÑEIRO TEC.	A2	24	1
ENXEÑEIRO TEC. OBRAS PUBLICAS	A2	26	1
TRABALLADOR/A SOCIAL	A2	22	1
EDUCADOR/A FAMILIAR	A2	22	1
TEC. XESTION ADM XERAL TESOURARÍA	A2	22	1
ADMINISTRATIVO SERV. INFORMATICA	C1	22	1
TEC.AUXILIAR INFORMÁTICA	C1	21	1
TEC.AUXILIAR INFORMÁTICA	C1	20	1
TEC.AUXILIAR DELINEANTE	C1	20	1
ADMINISTRATIVO/A	C1	20	11
OFICIAL DE POLICIA	C1	18	3
POLICIA	C1	17	25
GARDA MUSEO	C1	17	1
AUX.ADMINISTRATIVO/A	C2	17	14
CAPATAZ SERVIZO OBRAS	C2	18	1
ENCARGADO DE AUGAS	C2	18	1
MESTRE XARDIÑEIRO	C2	18	1
MESTRE ELECTRICISTA	C2	18	1
CAPATAZ SERVIZO LIMPEZA	C2	18	1
ENCARGADO CEMITERIO	C2	18	1
OFICIAL ALBANEL	C2	16	3
OFICIAL MECÁNICO CONDUTOR	C2	16	5
OFICIAL XARDIÑEIRO	C2	16	1

OFICIAL CARPINTEIRO/A	C2	16	1
OFICIAL ELECTRICISTA	C2	16	1
OFICIAL FONTANEIRO	C2	16	2
OFICIAL CEMITERIO	C2	16	2
CONSERXE COLEXIO	C2	16	4
CONSERXE (Secretaria)	C2	16	1
AXUDANTE CONDUTOR	AP	14	2
PEÓN OPERARIO/A DE VÍAS E OBRAS	AP	14	4
PEÓN OPERARIO/A DE XARDÍNS	AP	14	5
PEÓN OPERARIO/A DE ELECTRICIDADE /AXENTE COBRADOR	AP	14	2
PEÓN OPERARIO/A DE AUGAS	AP	14	1
PEÓN OPERARIO DE LIMPEZA	AP	14	13
CONSERXE MANTEMENTO EDIFICIOS	AP	14	1
CONSERXE MERCADOS	AP	14	1
CONSERXE BIBLIOTECA	AP	14	1
LIMPADOR/A	AP	14	1
AXUDANTE MANTEMENTO DEPORTES	AP	14	2

A estrutura actual do persoal funcionario do Concello de Marín para o ano 2017 é de 138 prazas.

#### B) PERSOAL LABORAL FIXOS:

POSTO	GRUPO	C.D	DOT.
MESTRE AULA MUSICA 2/3	A2	24	3
OFICIAL ALBANEL	C2	16	1
PEÓN OPERARIO/A DE XARDÍNS	AP	14	1
LIMPADOR/A 1/2 XORNADA	AP	14	1
CONSERXE BIBLIOTECA	AP	14	1

A estrutura actual do persoal laboral fixo do Concello de Marín para o ano 2017 é de 7 prazas.

#### C) PERSOAL LABORAL INDEFINIDO POR SENTENZA

POSTO	GRUPO	C.D	DOT.
DIRECTOR CIM	I	24	1
AXENTE DE EMPREGO	II	24	1

A estrutura actual do persoal indefinido por sentenza do Concello de Marín para o ano 2017 é de 2 prazas.

#### D) PERSOAL EVENTUAL

POSTO	GRUPO	C.D	DOT.
SECRETARIO DE ALCALDÍA	Retribucións asimiladas ás de un funcionario con categoría Administrativo( C1-CD 20)		

A estrutura actual do persoal eventual Concello de Marín para o ano 2017 é de 1 praza.

### **II.1º) Modificacións de carácter xeral: Estructura por Áreas**

Na actualidade o Concello non conta cunha estrutura orgánica organizada por áreas de actuación xa que non existe independencia orgánica respecto da estrutura política existente.

Con carácter previo á exposición do contido do organigrama proposto, considérase preciso definir conceptualmente o propio concepto de unidade administrativa, así como as distintas clases de unidades contempladas, expresando o significado da terminoloxía empregada.

Enténdese, para os efectos do presente Organigrama; como unidade administrativa básica no Concello de Marín o de Servizo; constituído polo conxunto de postos de traballo cuxas tarefas ó servizo da Administración atópanse materialmente relacionadas entre sí, constituindo unha unidade funcional diferenciada.

Polo que se refire ás unidades administrativas especiais, son aquelas unidades que, pola singularidade das súas funcións adoptan unha configuración específica. Neste grupo inclúense as brigadas/equipos. As brigadas son unidades que teñen por obxecto a realización de traballos predominantemente manuais en obras públicas, conservación e mantemento de bens e equipos ou prestación de servizos.

O Organigrama proposto para a Relación de Postos de Traballo establece unha estrutura da Administración municipal ó servizo do Concello de Marín organizada en 6 Servizos: Secretaría xeral e rexime interior; Servizo de Economía e Facenda; Servizo de Urbanismo, Infraestruturas, Servizos e Obras Públicas; Servizo de Benestar e emprego; Servizo de Seguridade cidadá; Servizo de Cultura, Educación, Xuventude e Deportes.

Esta nova estrutura por Servizos que se propón deséñase a partir da realidade actualmente existente, e aínda que si introduce xa importantes modificacións na procura da maior racionalidade administrativa posible.

Partindo desta estrutura xerarquizada por Departamentos é necesario impulsar un proceso evolutivo de modernización e racionalización progresiva das estruturas administrativas municipais, pero evitando a ruptura radical coa realidade existente.

Neste senso, o ***obxectivo principal da elaboración da Relación de Postos de Traballo*** para o Concello de Marín non é tanto introducir unha renovación radical na estrutura administrativa municipal, senón ***introducir un principio de orde en dita estrutura, implantando un sistema de organización susceptible de ser obxeto dunha evolución progresiva no futuro***, en función tanto das necesidades detectadas como das posibilidades de modificación que vaian xurdindo.

#### **II.2º) Determinacións xerais sobre os criterios de clasificación dos postos como singularizados ou non singularizados:**

Os postos non singularizados son aqueles que non posúen un contido esencial distinto ó doutros postos da mesma natureza, nivel de complemento de destino, complemento específico e forma de provisión. O elemento fundamental para determina-lo carácter singularizado é claramente o contido funcional do posto – contido que será ó que á súa vez determine as retribucións complementarias e a forma de provisión. O criterio fundamental empregado para a determinación do carácter singularizado dos postos foi, así, a existencia de peculiaridades funcionais respecto das funcións xenéricas atribuídas ás categorías profesionais ás que se reservan os postos. Nos casos nos que se aprecie a existencia de especificidades funcionais relevantes de carácter sustancial (especial dificultade técnica, responsabilidade,

perigosidade ou penosidade, xornada ou horario especial, etc...) o posto clasificarase como singularizado, e como non singularizado no resto dos casos.

### **II.3º) Determinacións xerais sobre o establecemento da forma de provisión dos postos:**

As esixencias legais derivadas da entrada en vigor da Lei 2/2015, do 29 de abril, de Emprego Público de Galicia (en adiante, LEPG) en relación coa provisión dos postos de traballo correspondentes a xefaturas de servizo ou equivalentes fai necesario que o Concello de Marín introduza na súa política de xestión de RRHH novas formas de provisión de postos.

Por elo, propónse a modificación do sistema de provisión de postos de traballo das xefaturas de servizo, que pasan a cubrirse mediante concurso específico, manténdose a libre designación unicamente para os postos de dirección de área. (Ex: Xefe do servizo urbanismo)

A RPT futura do Concello de Marín deberá introducir a libre designación como procedemento de provisión de todos estes postos, ao abeiro do establecido no entón vixente artigo 30 do Texto Refundido da Lei da Función Pública de Galicia. Porén, a dita norma foi derogada pola LEPG, cuxo artigo 91.1, parágrafo 2º, establece o concurso específico como procedemento de provisión das xefaturas de servizo ou postos de nivel equivalente.

Non obstante o anterior, a devandito artigo 91.1 LEPG admite tamén , como excepción, que se poidan cubrir xefaturas de servizo ou postos de nivel equivalente mediante libre designación, cando as súas “especiais características” determinen a procedencia deste sistema de provisión.

O artigo 92.2 LEPG, pola súa banda, sinala que a libre designación poderá empregarse para aqueles postos de traballo que, pola súa especial responsabilidade ou cualificación profesional, se determinen nas relacións de postos de traballo.

O concurso específico establécese como aplicable, con carácter xeral, ademais de ás xefaturas de servizo, ás xefaturas de sección e de negociado.

#### **II.4º) Determinacións xerais sobre as categorías profesionais**

Debese diferenciar entre categoría profesional e denominación do posto de traballo, permitindo así asegurar unha adecuada correlación entre a denominación do posto e o seu contido funcional, responsabilidade, retribución e situación orgánica na estrutura da entidade.

Por outra parte, para garantir unha maior e máis áxil capacidade organizativa poden existir dentro dunha mesma categoría (Ex: Técnico) distintas denominacións de postos (Ex:Técnico de persoal e emprego, Técnico de urbanismo....)

As denominacións de cada posto de traballo estableceuse en cada ficha incluída no Manual de descrición de forma que exprese, da mellor maneira posible, o contido funcional de cada posto.

#### **II.5º) Determinacións xerais sobre a asignación do complemento de destino:**

Partindo do carácter xerárquico do complemento de destino, que ven a expresar a posición do posto de traballo na estrutura administrativa, a súa atribución ós diferentes postos da RPT realizarase de conformidade coas seguintes regras:

##### **INTERVALOS DE COMPLEMENTOS DE DESTINO**

<b>Corpos ou Escalas</b>	<b>Nivel mínimo</b>	<b>Nivel máximo</b>
Grupo A1	20	30
Grupo A2	16	26
Grupo C1	11	22
Grupo C2	9	18
AGRUP.PROF.	7	14

#### **III. Normas de valoración do complemento específico:**

Segundo o disposto no artigo 137 da lei de emprego público de Galicia , os elementos obxecto de valoración para a súa retribución a través do complemento de posto de traballo, que se divide nos dous compoñentes seguintes:

- Competencial, destinado a retribuír a especial dificultade técnica e responsabilidade que concorren no posto.

- De dedicación, destinado a retribuír a dedicación e incompatibilidade exigible para o desempeño do posto ou as especiais condicións en que se desenvolve.

Conforme a Disposición transitoria novena da lei de emprego público de Galicia:

*“Entrementres non se introduza o complemento retributivo de posto de traballo previsto por esta lei, todas as referencias a este último entenderanse feitas ao complemento específico existente no momento da súa entrada en vigor, destinado a retribuír as condicións particulares dalgúns postos de traballo en atención á súa especial dificultade técnica, dedicación, responsabilidade, incompatibilidade, perigosidade ou penosidade. En ningún caso poderá asignarse máis dun complemento específico a cada posto de traballo.”*

Debemos ter en conta que esta valoración faise nun contexto de restricións retributivas moi fortes para todas as administracións públicas en virtude do establecido no Real Decreto-lei 20/2011 e nas Leis de orzamentos anuais dos anos posteriores que impiden aumentar a masa salarial do capítulo 1 dedicado a persoal ao servizo das administracións.

Coa valoración proposta para o Concello de Marín si se incrementa a masa salarial por elo é imposible abordar o 100% da valoración porposta. Isto significa que velando polo correcto cumprimento das normas orzamentarias no ano 2017 só poderá aplicarse un 25% do incremento total sen que isto supoña un incremento do específico de xeito lienal para tódolos postos de traballo senon froito dun traballo técnico de carácter externo.

A presente valoración de postos de traballo baséase no *método analítico-cuantitativo de puntuación de factores*; analítico, porque esixe a descomposición (descompón os postos de traballo nas súas partes compoñentes) e cuantitativo porque se asignan valores a cada elemento compoñente dun posto de traballo. O valor global dun posto de traballo virá determinado pola suma dos valores ou puntos concedidos a cada factor do posto de traballo e no grao correspondente. Esta concesión ou asignación de puntos fundaméntase na importancia ou ponderación que posúe cada un dos factores con respecto aos demais, así como no nivel e/ou grao con que este está presente no posto en cuestión.

A continuación descríbense, un a un, os distintos factores e os seus niveis/graos:

### **DESCRIPCIÓN DOS FACTORES**

<b><u>Dificultade técnica</u></b>	
1.	Postos nos que aínda que as tarefas realizadas habitualmente teñan un carácter simple, rutineiro ou de escasa dificultade, poden aparecer, con frecuencia, situacións con poucas opcións de elección.
2.	Postos nos que as tarefas realizadas obrigan, habitualmente, a resolver situacións con varias opcións de elección..
3.	Postos nos que, cunha alta frecuencia, deben resolverse situacións con varias opcións de elección, sendo precisa a obtención e análise dunha información relativamente complexa, esixíndose ademais unha resposta inmediata nun tempo breve.
4.	Actividades complexas pola súa diversidade ou profundidade, que normalmente implican a toma de decisións difíciles de consecuencias menos previsibles, esixindo a obtención e análise de información complexa nun tempo breve.
5.	Actividades moi complexas, no marco de responsabilidades que afecten a unidades con funcións diferentes, implicando a integración de información de carácter heteroxéneo, funcións de resolución de conflitos, elaboración de plans e programas complexos ou a realización de estudos ou propostas de carácter innovador e sen suxeición a precedentes.



<b><u>Autonomía e/ou iniciativa</u></b>	
1.	Postos de traballo suxeitos a instrucións concretas e específicas, aínda que sen un control ou supervisión directa e permanente por outro posto de traballo.
2.	Postos de traballo suxeitos a instrucións xenéricas.
3.	Postos de traballo suxeitos unicamente a instrucións referentes ós resultados e obxectivos a acadar.
4.	Postos de traballo suxeitos unicamente a directrices referentes a políticas e obxectivos xerais.
5.	Postos non suxeitos a directrices políticas ou funcionais, ou con funcións que exclúan a dependencia xerárquica en canto ó seu concreto desenvolvemento.

### Dedicación

Nivel de dedicación esixida como consecuencia do desempeño do posto fora da xornada laboral establecida para cada posto de traballo. O réxime considerado **non pretende compensar as posibles ampliacións das xornadas.**

1.	Sen dedicación adicional por necesidades do servizo.
2.	Dedicación de carácter non fixo fóra do horario laboral establecido pero de nivel baixo.
3.	Dedicación habitual baixa. Aumento de horario que ocasionalmente sexa preciso realizar por necesidades do Servizo.
4.	Dedicación habitual medio. Dedicación de carácter fixo fóra do horario laboral establecido pero de nivel medio.
5.	Dedicación habitual alta. Dedicación de carácter fixo fóra do horario laboral establecido pero de nivel alto.

### Responsabilidade

Refírense á responsabilidade requirida para dirixir, coordinar equipos e/ou a responsabilidade de xestión sobre os procedementos administrativos da súa competencia. Considérase a complexidade e o nivel dos equipos de traballo supervisados, a habilidade na toma de decisións e as consecuencias dos posibles erros causados. O factor responsabilidade estrutúrase en 5 graos distribuindo a puntuación entre os graos atendendo á técnica de progresión xeométrica con factor 1,25 modulado cunha constante de 9 entre tramos.

- |    |  |
|----|--|
| 1. | <p>Postos cunha responsabilidade baixa, nos que os posibles erros ou desviacións poden ser facilmente detectados polo propio titular do posto ou o seu inmediato superior. Sen responsabilidade sobre equipos de traballo. 1-9 puntos</p> <ul style="list-style-type: none"><li>-Responsabilidade polos actos propios: 2 puntos</li><li>-Relacións con persoas ou postos da súa unidade: 3 puntos</li><li>-Relacións frecuentes con persoas alleas (usuarios ou cidadáns): 3 puntos</li><li>-Relacións frecuentes con persoas ou postos de distintas unidades: 1 puntos</li></ul>  |
| 2. | <p>Postos <b>sen responsabilidade</b> sobre equipos de traballo. Postos nos que os erros ou desviacións poden ser detectados polo inmediato superior ó remata-lo traballo, en cuxo caso resultan de difícil corrección, coa conseguinte perda de tempo ou cunha repercusión económica para o Concello. 10-22 puntos</p> <ul style="list-style-type: none"><li>-Responsabilidade polos actos propios: 4 puntos</li><li>-Responsabilidade polos actos de terceiros que realizan tarefas de execución cos que comparte a súa realización: 2 puntos</li><li>-Responsabilidade polos actos de terceiros que realizan tarefas de execución cos que comparte a súa realización e coordinación: 4 puntos</li><li>-Responsabilidade polos actos de terceiros cos que realizan tarefas de programación e execución cos que comparte a súa realización e coordinación: 5 puntos</li><li>-Relacións con persoas ou postos da súa unidade: 3 puntos</li><li>-Relacións frecuentes con persoas alleas (usuarios ou cidadáns): 3 puntos</li><li>-Relacións frecuentes con persoas ou postos de distintas unidades: 1 puntos</li></ul> |

3.	<p>Postos <b>cunha responsabilidade</b> sobre equipos de traballo pertencentes a grupos profesionais baixos. Postos nos que os erros ou desviacións poden ser dificilmente detectados de non ser polo propio titular, coa conseguinte perda de tempo ou cunha repercusión económica de importancia. 23-39 puntos</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>-Responsabilidade polos actos propios: 8 puntos</li> <li>-Responsabilidade polos actos de terceiros que realizan tarefas de execución cos que comparte a súa realización: 2 puntos</li> <li>-Responsabilidade polos actos de terceiros que realizan tarefas de execución cos que comparte a súa realización e coordinación: 4 puntos</li> <li>-Responsabilidade polos actos de terceiros cos que realizan tarefas de programación e execución cos que comparte a súa realización e coordinación: 5 puntos</li> <li>-Responsabilidade polos actos de terceiros que realizan tarefas de programación e execución cos que comparte a súa realización e coordinación xerárquicamente superior: 10 puntos</li> <li>-Relacións con persoas ou postos da súa unidade: 3 puntos</li> <li>-Relacións frecuentes con persoas alleas (usuarios ou cidadáns): 3 puntos</li> <li>-Relacións frecuentes con persoas ou postos de distintas unidades ou institucións: 4 puntos</li> </ul>
4.	<p>Postos cunha responsabilidade sobre funcións cualificadas de tipo medio ou superior, porque implica asumir a realización de actividades profesionais que pola súa natureza poidan derivar consecuencias de importancia para a Concello. <b>Con responsabilidade</b> sobre equipos de traballo. 40-61 puntos</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>-Responsabilidade polos actos propios: 15 puntos</li> <li>-Responsabilidade polos actos de terceiros que realizan tarefas de execución cos que comparte a súa realización: 5 puntos</li> <li>-Responsabilidade polos actos de terceiros que realizan tarefas de execución cos que comparte a súa realización e coordinación: 6 puntos</li> <li>-Responsabilidade polos actos de terceiros cos que realizan tarefas de programación e execución cos que comparte a súa realización e coordinación: 5 puntos</li> <li>-Responsabilidade polos actos de terceiros que realizan tarefas de programación e execución cos que comparte a súa realización e coordinación xerárquicamente superior: 12 puntos</li> <li>-Relacións con persoas ou postos da súa unidade: 5 puntos</li> <li>-Relacións frecuentes con persoas alleas (usuarios ou cidadáns): 5 puntos</li> <li>-Relacións frecuentes con persoas ou postos de distintas unidades ou institucións: 8 puntos</li> </ul>
5.	<p>Postos con responsabilidade de asesoramento directo a órganos políticos da Corporación na toma de decisións de natureza normativa, orzamentaria ou de planificación e xestión, así como postos con responsabilidades superiores de xestión de áreas ou servizos de especial complexidade e importancia. 62-90 puntos</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>-Responsabilidade polos actos propios: 35 puntos</li> <li>-Responsabilidade polos actos de terceiros que realizan tarefas de execución cos que comparte a súa realización: 5 puntos</li> <li>-Responsabilidade polos actos de terceiros que realizan tarefas de execución cos que comparte a súa realización e coordinación: 5 puntos</li> <li>-Responsabilidade polos actos de terceiros cos que realizan tarefas de programación e execución cos que comparte a súa realización e coordinación: 5 puntos</li> <li>-Responsabilidade polos actos de terceiros que realizan tarefas de programación e execución cos que comparte a súa realización e coordinación xerárquicamente superior: 20 puntos</li> <li>-Relacións con persoas ou postos da súa unidade: 5 puntos</li> <li>-Relacións frecuentes con persoas alleas (usuarios ou cidadáns): 5 puntos</li> <li>-Relacións frecuentes con persoas ou postos de distintas unidades ou institucións: 10 puntos</li> </ul>

### Perigosidade

Risco por accidentes, enfermidades ou agresión no desempeño do posto de traballo.

Grao 1.	Postos que alternan condicións normais con certo risco de accidente como realizar traballos interiores ou exteriores en altura ou manexando ferramenta específica ou cando o seu posto de traballo requira desprazamentos ocasionais en vehículos municipais.
Grao 2.	Postos que levan implícitos un risco medio de accidente, como cando un posto de traballo require para o seu correcto desempeño traballos exteriores que comporten un risco de accidente pola súa natureza (materiais, altura) ou/e postos con atención colectivos desfavorecidos ou/e desprazamentos constantes en vehículos municipais.
Grao 3.	Postos que esixen a realización de traballos manuais que comporten un alto risco de accidente polas propias circunstancias do traballo a desempeñar, acompañados de desprazamentos constantes en vehículos municipais.
Grao 4.	Postos que impliquen polas súas funcións os ocupantes do postos poidan estar expostos a situacións ou circunstancias extremadamente perigosas poñendo en risco a integridade física das persoas ou a un alto risco de accidente grave.

### **Penosidade**

Incomodidade, normalmente física ou psíquica, que necesariamente altera as condicións normais para a execución das tarefas do posto de traballo.

Grao 1.	Postos que alternan condicións normais con circunstancias tales como un ambiente desagradable, atención á pantalla do ordenador e/ou atencións ó público.
Grao 2.	Postos que levan implícitos posturas incómodas durante gran parte da xornada, tensión e stres por xestionar de forma sistemática demandas de terceiros e conflitos ou especialidades na xornada que, sen implicar exceso de xornada normal, esixan un maior esforzo por parte do traballador (nocturnidade, xornadas en festivos).
Grao 3.	Postos que esixen a realización de xeito habitual de traballos manuais que requiran: estar na intemperie, un especial esforzo físico de forma continuada en ambientes desagradables, insalubres cun carácter discontinuo.
Grao 4.	Postos que esixen a realización de traballos manuais que requiran: estar na intemperie ou un especial esforzo físico de forma continuada acompañados de ambientes desagradables, insalubres cun carácter continuado.

### **Incompatibilidade**

Nivel de incompatibilidade esixida como consecuencia do desempeño do posto. O establecemento de distintos niveis de incompatibilidade realizase en atención ao grao de dedicación esixible ao posto, e non á posibilidade de colusión entre actividades públicas e privadas, ó atoparse esta última prohibida, con carácter xeral e sen excepcións para tódolos postos, pola lexislación vixente.

1.	Postos que en ningún caso poden ser declarados compatibles co exercicio de actividades privadas
2.	Postos que só excepcionalmente poden ser declarados compatibles con exercicio de actividades privadas, sempre que se garanta a debido atención ó posto de traballo.
3.	Postos que poden ser declarados compatibles co exercicio de actividades privadas, sempre que se respecten os límites establecidos na lexislación de incompatibilidades.

## Táboa de puntuacións

Neste apartado especificáanse os puntos que corresponden a cada nivel ou grao de cada un dos factores previamente definidos para esta organización.

FACTORES	NIVEIS/GRAOS					
	0	1	2	3	4	5
A.DIFICULTADE TÉCNICA	0	2	5	9	12	27
B. AUTONOMÍA E/OU INICIATIVA	0	2	5	9	12	27
C. DEDICACIÓN	0	2	5	9	12	27
D. RESPONSABILIDADE	0	1-9	10-22	23-39	40-61	62-90
E. PERIGOSIDADE	0	2	5	9	12	
E. PENOSIDADE	0	2	5	9	12	
F. INCOMPATIBILIDADE	0	5	3	1		

Para poder determinar a contía que corresponde polo complemento específico a cada posto de traballo, non haberá máis que asinar un valor económico (en euros) ao punto e multiplicar o total da puntuación obtida por cada posto de traballo polo valor do punto en euros. O resultado determinará o valor en euros do complemento específico. *(O valor do punto asinado é de 147€ por cada punto de valoración).*



#### **IV. Organigrama do Concello de Marín**

En virtude do organigrama funcional do Concello poderemos definir os distintos postos de traballo que integran cada unidade administrativa, establecendo tanto a composición de cada unidade – adscribindo os postos que corresponden a cada unha delas - como as relacións entre as distintas unidades e o seu xeito de inserirse na estrutura global.

O organigrama define así, mediante a representación gráfica da composición das unidades administrativas e da súa articulación xerárquica, a estrutura xeral na que se organizan os postos de traballo do Concello de Marín.

Tal e como se salientaba con anterioridade, o organigrama proposto para a Relación de Postos de Traballo do Concello de Marín establece unha estrutura da Administración municipal ó servizo da entidade organizada nun Gabinete de Alcaldía e 6 servizos, que son os seguintes:

0. Gabinete de Alcaldía
1. Servizo de Secretaría xeral e rexime interior
2. Servizo de Economía e Facenda.
3. Servizo de Urbanismo, Infraestruturas, Obras e servizos
4. Servizo de Seguridade cidadá.
5. Servizo de Benestar Social e emprego.
6. Servizo de Educación, Cultura, Xuventude e Deportes.

#### **A) Estrutura do Gabinete de Alcaldía**

A estrutura do Gabinete de Alcaldía establecida no proxecto de RPT, dacordo cos criterios sinalados nos apartados anteriores, está integrado polo seguintes postos de traballo:

<b>00.GABINETE DE ALCALDÍA</b>					
<b>POSTO</b>	<b>ESCALA</b>	<b>SUBESCALA</b>	<b>C.DESTINO</b>	<b>DOT.</b>	<b>VINC.</b>
SECRETARIO/A ALCALDIA	Retribucións asimiladas a un funcionario coa categoría de Administrativo (C1-20)			1	EVENT.

**Total postos de traballo:1**

## **B) Estrutura do Servizo de Secretaría e Rexime interior:**

A estrutura do Departamento de Secretaría Xeral e rexime interior establecida no proxecto de RPT, dacordo cos criterios sinalados nos apartados anteriores, está integrado polo seguintes postos de traballo:

<b>01. SECRETARÍA XERAL E RÉXIME INTERIOR</b>							
POSTO	GRUPO	ESCALA	SUBESCALA	C.DESTINO	DOT.	VINC.	TIPO
<b>01.01 Secretaría xeral</b>							
SECRETARIO/A	A1	HN	SECRET.	30	1	FUNC.	S
TEC.ADM XERAL-ADXUNTO SECRETARIA	A1	A.X	TEC.	28	1	FUNC.	S
TEC.ADMINISTRACIÓN XERAL	A1	A.X	TEC.	24	1	FUNC.	NS
ADMINISTRATIVO/A	C1	A.X	ADTVO.	20	3	FUNC.	NS
AUX.ADMINISTRATIVO/A	C2	A.X	AUX.	17	4	FUNC.	NS
<b>01.02 Unidade de persoal</b>							
POSTO	GRUPO	ESCALA	SUBESCALA	C.DESTINO	DOT.	VINC.	TIPO
TÉCNICO DE PERSOAL E EMPREGO	A1	A.X	TEC.	24	1	FUNC.	NS
AUX.ADMINISTRATIVO/A	C2	A.X	AUX.	17	1	FUNC.	NS
<b>01.03 Unidade de Novas Tecnoloxías</b>							
POSTO	GRUPO	ESCALA	SUBESCALA	C.DESTINO	DOT.	VINC.	TIPO
ADMINISTRATIVO/A DE INFORMÁTICA	C1	A.X	AMTVO	22	1	FUNC.	S
TEC.AUXILIAR INFORMÁTICA	C1	A.E	TEC.AUX	21	1	FUNC.	NS
TEC.AUXILIAR INFORMÁTICA	C1	A.E	TEC.AUX	20	1	FUNC.	NS
<b>01.04 Unidade de rexime interior</b>							
POSTO	GRUPO	ESCALA	SUBESCALA	C.DESTINO	DOT.	VINC.	TIPO
CONSERXE (de Secretaria)	C2	A.X	SUB.	16	1	FUNC.	NS

**Total postos de traballo:16**

## **C) Estrutura do Servizo de Economía e Facenda**

A estrutura do Departamento de Economía e Facenda establecida no proxecto de RPT, dacordo cos criterios sinalados nos apartados anteriores, está integrado polo seguintes postos de traballo:

<b>02.SERVIZO DE ECONOMÍA E FACENDA</b>							
POSTO	GRUPO	ESCALA	SUBESCALA	C.DESTINO	DOT.	VINC.	TIPO
<b>02.01 Unidade de Intervención</b>							
INTERVENTOR/A	A1	H.N	INTERV.	30	1	FUNC.	S
TEC.ADM XERAL-ADXUNTO INTERVENCIÓN	A1	A.X	TEC.	28	1	FUNC.	S
ADMINISTRATIVO/A	C1	A.X	ADMTVO.	20	1	FUNC.	NS
AUX.ADMINISTRATIVO/A	C2	A.X	ADMTVO.	17	1	FUNC.	NS
<b>02.02 Unidade de Tesouraría</b>							
TESOUREIRO/A	A1	H.N	TESOR.	30	1	FUNC.	S
TÉCNICO DE XESTIÓN	A2	A.X	TEC.	22	1	FUNC.	NS
ADMINISTRATIVO/A	C1	A.X	ADMTVO.	20	4	FUNC.	NS
AUX.ADMINISTRATIVO/A	C2	A.X	AUX.	17	6	FUNC.	NS
OFICIAL DE AUGAS	C2	A.E	SVS.ESP	16	2	FUNC.	NS

**Total postos de traballo:18**

#### **D) Estrutura do Servizo de Urbanismo e Infraestruturas**

A estrutura do Departamento de Urbanismo, Infraestruturas e Servizos e Obras publicas establecida no proxecto de RPT, dacordo cos criterios sinalados nos apartados anteriores, está integrado polo seguintes postos de traballo:

<b>03.SERVIZO DE URBANISMO, INFRAESTRUTURAS, SERVIZOS E OBRAS PÚBLICAS</b>							
POSTO	GRUPO	ESCALA	SUBESCALA	C.DESTINO	DOT.	VINC.	TIPO
XEFE SERVIZO DE URBANISMO	A1	A.X/A.E	TEC.	28	1	FUNC.	S
<b>03.01 Unidade urbanismo e infraestruturas</b>							
TEC.ADM XERAL	A1	A.X	TEC.	28	1	FUNC.	NS
ARQUITECTO/A	A1	A.E	TEC.	28	1	FUNC.	NS
ARQUITECTO TÉCNICO	A2	A.E	TEC.	26	2	FUNC.	NS
ENXEÑEIRO TEC.	A2	A.E	TEC.	24	1	FUNC.	NS
ENXEÑEIRO TEC. OBRAS PUBLICAS	A2	A.E	TEC.	26	1	FUNC.	NS
TEC.AUXILIAR DELINEANTE	C1	A.E	TEC.	20	1	FUNC.	NS
ADMINISTRATIVO/A	C1	A.X	ADMTVO.	20	2	FUNC.	NS
AUX.ADMINISTRATIVO/A	C2	A.X	AUX.	17	1	FUNC.	NS

<b>03.SERVIZO DE URBANISMO, INFRAESTRUTURAS, SERVICIOS E OBRAS PÚBLICAS</b>						
POSTO	GRUPO	ESCALA	SUBESCALA	C.DESTINO	DOT.	VINC.
XEFE SERVIZO DE URBANISMO	A1	A.X/A.E	TEC.	28	1	FUNC.
<b>03.01 Unidade urbanismo e infraestruturas</b>						
TEC.ADM XERAL	A1	A.X	TEC.	28	1	FUNC.
ARQUITECTO/A	A1	A.E	TEC.	28	1	FUNC.
ARQUITECTO TÉCNICO	A2	A.E	TEC.	26	2	FUNC.
ENXEÑEIRO TEC.	A2	A.E	TEC.	24	1	FUNC.
ENXEÑEIRO TEC. OBRAS PUBLICAS	A2	A.E	TEC.	26	1	FUNC.
TEC.AUXILIAR DELINEANTE	C1	A.E	TEC.	20	1	FUNC.
ADMINISTRATIVO/A	C1	A.X	ADMTVO.	20	2	FUNC.
AUX.ADMINISTRATIVO/A	C2	A.X	AUX.	17	1	FUNC.
<b>03.02 Brigada de obras públicas</b>						
CAPATAZ SERVIZO OBRAS	C2	A.E	SV.ESP	18	1	FUNC.
OFICIAL ALBANEL	C2	A.E	SV.ESP	16	3	FUNC.
OFICIAL ALBANEL	Retribucións asimiladas a un funcionario (C2-16) e CE según RPT				1	LAB.FIXO
OFICIAL MECÁNICO CONDUTOR	C2	A.E	SV.ESP	16	1	FUNC.
PEÓN OPERARIO/A DE DE SERVIZOS VARIOS	AP	A.E	SV.ESP	14	4	FUNC.
<b>03.03 Brigada de augas</b>						
ENCARGADO DE AUGAS	C2	A.E	SV.ESP	18	1	FUNC.
PEÓN OPERARIO/A DE SERVIZOS VARIOS	AP	A.E	SV.ESP	14	1	FUNC.
<b>03.04 Brigada de xardíns</b>						
MESTRE XARDIÑEIRO	C2	A.E	SV.ESP	18	1	FUNC.
OFICIAL XARDIÑEIRO	C2	A.E	SV.ESP	16	1	FUNC.
PEÓN OPERARIO/A DE SERVIZOS VARIOS	Retribucións asimiladas a un funcionario (AP-14) e CE según RPT				1	LAB.FIXO
PEÓN OPERARIO/A DE SERVIZOS VARIOS	AP	A.E	SV.ESP	14	5	FUNC.
<b>03.05 Brigada de electricidade</b>						
MESTRE ELECTRICISTA	C2	A.E	SV.ESP	18	1	FUNC.
OFICIAL ELECTRICISTA	C2	A.E	SV.ESP	16	1	FUNC.
PEÓN OPERARIO/A DE SERVIZOS VARIOS	AP	A.E	SV.ESP	14	2	FUNC.
<b>03.06 Brigada de limpeza viaria</b>						
CAPATAZ SERVIZO LIMPEZA	C2	A.E	SV.ESP	18	1	FUNC.
OFICIAL MECÁNICO CONDUTOR	C2	A.E	SV.ESP	16	4	FUNC.
AXUDANTE CONDUTOR	AP	A.E	SV.ESP	14	2	FUNC.
PEÓN OPERARIO DE SERVIZOS VARIOS	AP	A.E	SV.ESP	14	13	FUNC.
<b>03.07 Brigada de cemiterios</b>						
ENCARGADO CEMITERIO	C2	A.E	SV.ESP	18	1	FUNC.
OFICIAL SEPULTUREIRO	C2	A.E	SV.ESP	16	2	FUNC.
<b>03.08 Brigada de mantemento de instalacións</b>						
OFICIAL CARPINTEIRO/A	C2	A.E	SV.ESP	16	1	FUNC.
LIMPADOR/A	AP	A.E	SV.ESP	14	1	FUNC.
LIMPADOR/A 1/2	Retribucións asimiladas a un funcionario (AP-14) e CE según RPT				1	LAB.FIXO
<b>03.09 Mercados</b>						
CONSERXE DE MERCADOS	AP	A.E	SV.ESP	14	1	FUNC.

**Total postos de traballo:62**

**E) Estrutura do Servizo de Seguridade Cidadá**

A estrutura do Departamento de Seguridade establecida no proxecto de RPT, dacordo cos criterios sinalados nos apartados anteriores, está integrado polo seguintes postos de traballo:

<b>04.SERVIZO DE SEGURIDADE CIDADÁ</b>						
POSTO	GRUPO	ESCALA	SUBESCALA	C.DESTINO	DOT.	VINC.
INSPECTOR/A. PRINC	A2	A.E	SV.ESP	26	1	FUNC.
INSPECTOR/A.	A2	A.E	SV.ESP	22	1	FUNC.
OFICIAL DE POLICIA	C1	A.E	SV.ESP	18	3	FUNC.
POLICIA	C1	A.E	SV.ESP	17	25	FUNC.

**Total postos de traballo: 30**

**F) Estrutura do Servizo de Benestar Social e emprego**

A estrutura do Departamento de Benestar establecida no proxecto de RPT, dacordo cos criterios sinalados nos apartados anteriores, está integrado polo seguintes postos de traballo:

<b>05.SERVIZO DE BENESTAR SOCIAL E EMPREGO</b>						
POSTO	GRUPO	ESCALA	SUBESCALA	C.DESTINO	DOT.	VINC.
TRABALLADOR/A SOCIAL XEFE SERVIZO	A2	A.E	TEC.	24	1	FUNC.
TRABALLADOR/A SOCIAL	A2	A.E	TEC.	22	1	FUNC.
TECNICO GRAO MEDIO	A2	A.E	TEC.	22	1	FUNC.
ADMINISTRATIVO/A	C1	A.X	ADTVO.	20	1	FUNC.
AUX.ADMINISTRATIVO/A	C2	A.X	FUNC.	17	1	FUNC.
<b>05.01 IGUALDADE</b>						
DIRECTOR DO CIM	Retribucións asimiladas a un funcionario (A1-24) e CE según RPT				1	LAB.FIXO
<b>05.02 EMPREGO</b>						
TÉCNICO DE EMPREGO	Retribucións asimiladas a un funcionario (A2-22) e CE según RPT				1	LAB.FIXO

**Total postos de traballo: 7**

### **G) Estructura do Servizo de Educación, Cultura, Xunventude e Deportes:**

A estrutura do Departamento de Educación, Cultura, Xunventude e Deportes establecida no proxecto de RPT, dacordo cos criterios sinalados nos apartados anteriores, está integrado polo seguintes postos de traballo:

<b>06.SERVIZO DE EDUCACIÓN, CULTURA, XUVENTUDE E DEPORTES</b>						
<b>06.01 Unidade de cultura</b>						
POSTO	GRUPO	ESCALA	SUBESCALA	C.DESTINO	DOT.	VINC.
CONSERXE MANTEMENTO DE EDIFICIOS PUBLICOS	AP	A.E	SVS.ESP	14	1	FUNC.
<b>06.01.01 Biblioteca municipal</b>						
BIBLIOTECARIO/A	A1	A.E	TEC.	28	1	FUNC.
CONSERXE BIBLIOTECA	AP	A.E	SVS.ESP	14	1	FUNC.
CONSERXE BIBLIOTECA	Retribucións asimiladas a un funcionario (AP-14) e CE según RPT				1	LAB.FIXO
<b>06.01.02 Museo municipal</b>						
GARDA MUSEO	C1	A.E	SVS.ESP	17	1	FUNC.
<b>06.02 Unidade de educación</b>						
<b>06.02.01 Colexios municipais</b>						
CONSERXE COLEXIO	C2	A.E	SVS.ESP	16	4	FUNC.
<b>06.02.02 Aula de música</b>						
MESTRE AULA MUSICA	Retribucións asimiladas a un funcionario (A2-24) e CE según RPT				3	LAB.FIXO
<b>06.03 Unidade de deportes</b>						
AXUDANTE MANTEMENTO DEPORTES	AP	A.E	SVS.ESP	14	2	FUNC.

**Total postos de traballo: 14.**

## **VI. Fichas de descripción de postos de traballo:**

A continuación reflíctese ficha a ficha unha descripción de cada posto de traballo, o obxectivo principal das fichas de descripción é conseguir definir as responsabilidades de cada traballador e situar correctamente o posto dentro do organigrama da organización, identificando as tarefas inherentes a cada posto e as exigencias do mesmo así como os requisitos mínimos que debe ter a persoa que desempeña o posto para establecer as necesidades de capacitación que se requiren.

Nas fichas individualizadas da RPT se conteñen as determinacións singulares que, con carácter vinculante, definen cada posto, tales como a súa denominación, descripción funcional, carácter singularizado u non singularizado, forma de provisión, requisitos para o seu desempeño, complemento de destino e características especiais que poidan afectar ó posto (como, por exemplo, xornada laboral especial, sometemento a un réxime transitorio, previsión da súa extinción, ou calquera outra que proceda).

Coa explicitación destes datos en cada posto, pónense as bases para orientar a formación do persoal e obxectívanse os procesos de provisión e promoción profesional.

### 00.GABINETE DE ALCALDÍA

FICHA DE DESCRICIÓN DO POSTO DE TRABALLO				Concello de Marin		
DENOMINACIÓN DO POSTO DE TRABALLO: <b>Secretaría de Alcaldía</b>				<b>ADSCRICIÓN</b>		
				Alcaldía		
Relación laboral:	Sistema de provisión	Nº prazas				
Eventual	Libre designación	1				
REQUISITOS DO POSTO						
<b>Titulación esixida:</b> Título de Bachiller, Técnico ou equivalente				<b>Especialidade:</b> Non requirida		
<b>Misión:</b> Realizar tarefas asesoramento, de actuación ou difusión no Gabinete de Alcaldía ao abeiro do disposto no artigo 29 lei 2/2015						
<b>Funcións principais:</b>						
